

# PROXECTO LUGARES

**Palas de Rei e Larouco acollerán o ‘Proxecto Lugares’, unha iniciativa para transformar o espazo público do Camiño de Santiago, dun xeito sostible, a través da arquitectura da paisaxe, do deseño e da artesanía**

**A Xunta de Galicia e a Fundación “La Caixa” impulsan este novo programa enmarcado no cumprimento do Pacto Verde Europeo, que se desenvolverá o vindeiro mes de abril nas comarcas de Ulloa e Valdeorras a través dun seminario e dun taller**

**‘Proxecto Lugares’ propón a integración das comunidades locais á hora de deseñar solucións paisaxísticas e arquitectónicas sostibles, con materiais naturais e de proximidade, que se poderán implantar no territorio**

**Arquitectas como Izaskun Chinchilla ou María Fandiño, artesás como Verónica Moar ou Inés Rir, e as comunicadoras Anatxu Zabalbeascoa e Ariadna Cantis, entre outras, participarán nos espazos de encontro e debate do proxecto**

**Palas de Rei, 22 de marzo de 2023.-** O Castelo de Pambre, na localidade luguesa de Palas de Rei, acolleu esta mañá a presentación do **Proxecto Lugares**, unha nova iniciativa impulsada pola Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, e pola Fundación “La Caixa” coa intención de **poñer en valor e transformar, dun xeito sostible, o espazo público dun dos itinerarios máis transitados no mundo: o Camiño de Santiago**. O proxecto, enmarcado no cumprimento do Pacto Verde Europeo tanto polo seu debate central como polas súas solucións paisaxísticas e arquitectónicas para o territorio, e que terá presente tanto á **veciñanza dos lugares** coma ás **persoas peregrinas**, levarase a cabo nas comarcas de **Ulloa e Valdeorras** esta primavera.

A presentación desta mañá contou coa participación da directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; do alcalde de Palas de Rei, Pablo José Taboada Camoira; da responsable territorial da Fundación “La Caixa”, Susan Santos; e da comisaria do **Proxecto Lugares**, Natalia Balseiro. No acto déronse a coñecer os principais eixes de traballo da iniciativa así como a programación pública de eventos. É o caso do **seminario que reunirá no Castelo de Pambre** os días 18 e 19 de abril a figuras recoñecidas de ámbito galego e estatal, como

# PROXECTO LUGARES

as arquitectas **Ana Amado, Izaskun Chinchilla, Maé Durant, María Fandiño** -Premio Nacional 2022-, **Carlos Pita** ou **Carlos Seoane**, entre outras; as artesás **Verónica Moar, Julia de la Cal, Inés Rir e Santiago Besteiro**; as **deseñadoras Amalia Puga e Uqui Permui** ou as comunicadoras **Anatxu Zabalbeascoa e Ariadna Cantis**. Tamén participarán persoas expertas vinculadas ao mundo da paisaxe, como **Amparo Maroño, Paola Sangalli e Pedro Calaza**, ou investigadoras do espazo rural, coma a artista **Estella Julian**, ou o director da Fundación Juana de Vega, **José Manuel Andrade**.

Unha vez finalicen estas xornadas, a localidade ourensá de **Larouco acollerá do 20 ao 22 de abril un taller aberto** entre as comunidades locais e un grupo de participantes no seminario para imaxinar e desenvolver a maqueta ou prototipo dunha posible intervención no espazo público. Durante estes días realizaranse visitas e paseos polo territorio para identificar os lugares sobre os que as e os asistentes traballarán de forma colaborativa.

## **Unha mirada transdisciplinar sobre o Camiño de Santiago**

O **Proxecto Lugares** é unha **iniciativa de pensamento contemporáneo, aprendizaxe e intervención na paisaxe desde unha mirada transdisciplinar** que agroma no contexto do Camiño de Santiago, coa intención de perdurar até o vindeiro Ano Santo 2027. O programa está conformado por catro procesos de traballo, dos cales o primeiro deles é a **mediación**, que se están a desenvolver desde o mes de febreiro tanto en Palas de Rei coma en Valdeorras, a través de conversas ou entrevistas, coa intención de identificar, desde a proximidade, lugares, materiais e valores no territorio do Camiño.

O segundo dos procesos é a celebración dun seminario ou xornadas públicas de debate que terán lugar os días 18 e 19 de abril no Castelo de Pambre, en Palas de Rei, xunto ao **Camiño Primitivo**. Neste espazo de encontro, numerosas profesionais vinculadas á arquitectura da paisaxe, comunicación, deseño, artesanía e pensamento porán sobre a mesa experiencias de **intervencións sostibles**; abordarán cuestións como a **hospitalidade ou o deseño de lugares contemporáneos** no Camiño; as posibilidades de **transformación do territorio** a través da ruta xacobeá, así como o coidado e a beleza na mesma; exemplos de **boas prácticas de arquitectura, do paisaxismo, do deseño ou da artesanía**; ou como pensar a paisaxe desde unha **perspectiva sostible e contemporánea**, entre outros aspectos.

De seguido, os días 20, 21 e 22 de abril, o **Proxecto Lugares** trasladará a súa acción a un **obradoiro que se desenvolverá nas covas de Seadur**, na localidade ourensá de Laurouco, moi próxima ao Camiño de Inverno. Será un **taller de tres días**, aberto á

# PROXECTO LUGARES

comunidade e axentes locais, no que se tentará **transmitir técnicas e coñecementos da arquitectura, do paisaxismo, do deseño ou da artesanía**, á vez que se **imaxina e diseña, de forma colaborativa -tendo presentes as conclusións do seminario-**, unha maqueta ou prototipo dunha posible peza ou intervención no espazo público.

Finalmente, todas as conclusións, fotografías e vídeos do traballo feito ao longo destes meses no marco do **Proxecto Lugares**, así como textos das persoas profesionais convidadas -ou mesmo a recompilación de testemuñas durante o seminario-, estarán dispoñibles nunha publicación *crossmedia* que se presentará **despois do verán**.

Para máis información sobre o **Proxecto Lugares** pódese visitar o [espazo web](#) da iniciativa ou os seus perfís nas redes sociais [Instagram](#) e [Linkedin](#). Na propia web do proxecto están dispoñibles os formularios de inscrición tanto para asistir ao seminario como ao taller de Seadur, cun número de prazas moi limitado das nús opcións, polo que se recomenda formalizar a praza coa maior antelación posible para garantir a asistencia. Mentres que no caso do seminario a inscrición se realizará por rigorosa orde de solicitude, no caso do taller -que se abre tamén a estudantes ou profesionais do ámbito do deseño, da arquitectura, do paixase ou da artesanía- o prazo estará aberto até o mércores 5 de abril.

## **Comunicación Proxecto Lugares**

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Podes descargar [aquí o kit de prensa](#) do **Proxecto Lugares**.